

Bases reguladoras da convocatoria de selección para cubrir, polo sistema de concurso, un posto temporal de técnico/a de proxecto vinculado ao Programa de Ciencias Mariñas

Referencia: CCMM-23-TP1

En cumprimento da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en materia de persoal e contratación, a Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia, dependente da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, acorda esta convocatoria de selección de persoal.

1) Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria ten por obxecto a cobertura de un posto temporal que figura no Anexo B deste documento na Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA).

2) Réxime xurídico da contratación

Contrato de traballo temporal de duración determinada a xornada completa vinculado ao "Programa de Ciencias Mariñas de Galicia" e regulado polo disposto na lexislación vixente que resulte de aplicación, en particular pola Disposición adicional quinta do Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro.

3) Duración

A contratación obxecto da presente convocatoria será de duración determinada, limitada á duración dos traballos para os que se realiza a contratación e indicado no Anexo B.

4) Requisitos

Os/as candidatos/as, para poder participar neste proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Poderán participar no proceso selectivo, as persoas que cumpran algunha das seguintes características:

- Ter nacionalidade española.
- Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.
- Ser nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificado por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Calquera que sexa a súa nacionalidade, tamén poderán participar os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea,



sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

- Ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos apartados anteriores.
2. Ter cumpridos os 16 anos de idade.
3. Posuír e acreditar o TÍTULO que figura no Anexo B para este posto.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que xustifique a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes. O requisito da homologación non será aplicable aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito Comunitario (Directiva 89/48/CEE, Directiva 2005/36/CE e RD 1837/2008).

4. Coñecemento da lingua galega (acreditado con copia simple do título de perfeccionamento en lingua galega ou CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística). Os/as aspirantes que non estean en posesión da devandita titulación deberán realizar unha proba eliminatoria, cuxa valoración será de apto ou non apto.

Coñecemento de inglés. Non se require nivel de inglés.

5. Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
6. No caso de persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no que fora separado o inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

7. Requisitos particulares: os indicados no Anexo B para o posto.

5) Documentación a presentar obrigatoriamente

- a) Solicitud asinada dirixida ao Director-Xerente da Fundación CESGA no modelo Anexo A.1, indicando a referencia do posto.
- b) Modelo asinado de datos persoais para cumprimento do *Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 (GDPR), Ley Orgánica de Protección de Datos y Garantía de Derechos Digitales (LOPDGDD, de la Ley 3/2018 de 5 de diciembre)*, no modelo Anexo A.2.
- c) Currículum vitae (CV), no que se fará constar a concorrencia dos requisitos esixidos e puntos valorados segundo as bases desta convocatoria.
- d) Fotocopia simple do título esixido para o posto no Anexo B.1, ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico.



- e) Fotocopia simple do D.N.I. ou pasaporte. Os/as aspirantes que non teñan a nacionalidade española, acreditarán que concorren as circunstancias previstas na base 4.1.
- f) Fotocopia simple do expediente académico referido á titulación esixida no Anexo B.1.
- g) Fotocopia simple do título de perfeccionamento en lingua galega, do CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado do CESGA no que se acredite a obtención da cualificación de APTO/A na proba de galego en convocatorias anteriores (no caso de que a proba fora feita anteriormente no CESGA, non será necesario aportalo no momento da solicitude, sendo necesario a súa solicitude no Anexo A, indicando a referencia da praza). Se non se presenta esta documentación, deberá facer unha proba no momento que se indique no proceso de selección, cuxa valoración será apto/a ou non apto/a.
- h) Fotocopia simple da xustificación de cada un dos méritos a valorar especificados no Anexo B.2.1 para a Fase 1 de baremo de méritos. Só valoraranse os méritos que teñan unha xustificación documental axeitada.
- i) Modelo anexo B.3 cuberto para a valoración de méritos.

O aspirante seleccionado/a deberá presentar nas dependencias da Fundación CESGA dende a data da resolución, no prazo de días naturais que fixa o Anexo B.1, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte. Os/as candidatos/as que non teñan a nacionalidade española, acreditarán documentalmente que concorren as circunstancias previstas na base 4.1.
- Fotocopia compulsada do título presentado para o posto que foi seleccionado/a ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico.
- Orixinal das xustificacións dos méritos alegados para a súa comparación, se é o caso.
- Copia comparada do título de CELGA 4, do título de perfeccionamento da lingua galega ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado do CESGA no que se acredite a obtención da cualificación de APTO/A en convocatorias de prazas anteriores, se fora o caso.

6) Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes dirixidas ao director-xerente da Fundación deberán presentarse no modelo normalizado que figura no Anexo A.1 da presente convocatoria.

Presentaranse na Secretaría da Fundación ou remitiranse por correo certificado ás oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Vida), 15705 Santiago de Compostela, indicando no sobre a referencia do posto que aparece no Anexo B.1. destas bases ou por correo electrónico á dirección emprego@cesga.gal. No caso do envío por este último medio, toda a documentación terá que vir anexada en formato PDF e só se considerarán válidas as recibidas no CESGA antes da data límite. Deberá indicarse no asunto do mensaxe a referencia do posto que aparece no Anexo B.1. destas bases. No caso de envío por correo certificado deberá adiantarse



por correo electrónico a emprego@cesga.gal copia do modelo da solicitude cuberta e do certificado de correos.

O prazo de presentación de solicitudes será o que figura no Anexo B.1 para o posto, contando a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria, no Diario Oficial de Galicia.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nela.

7) Proceso de selección

A selección, efectuarase por unha comisión designada ao efecto que figura no Anexo B.1. destas bases.

O proceso de selección consistirá no seguinte:

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicaranse as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as ao proceso de selección, con indicación da causa de exclusión, establecéndose o prazo que figura no Anexo B.1 para, a petición do/a interesado/a, reparar calquera erro que sexa subsanable, e especificándose a data, hora e lugar para a realización da proba de galego para os/as candidatos/as que non teñan acreditados este requisito, no caso de ser necesario. A proba de coñecemento de galego consistirá na tradución dun texto de galego a castelán. A duración de cada proba será dun máximo de trinta (30) minutos. Todas as publicacións, relativas ao proceso selectivo, faránse na páxina web da Fundación www.cesga.gal. Tras realizar a proba de galego, se fora necesario, publicarase a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as coa cualificación da proba de galego, establecéndose un prazo de días naturais, que figura no Anexo B.1. para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.

A selección do candidato será efectuada polo procedemento de concurso de méritos, que constará de dúas fases: unha primeira fase de baremación de méritos alegados e outra segunda fase de entrevista persoal.

1. A Primeira Fase consistirá na valoración dos méritos alegados polos aspirantes que se puntuarán de acordo co baremo establecido no Anexo B.2. Finalizada esta primeira fase da valoración dos méritos, a Comisión publicará na páxina web da Fundación (www.cesga.gal), a listaxe provisional da puntuación de todos/as os/as aspirantes, establecéndose un prazo de días naturais, que figura no Anexo B.1, para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.

Finalizadas as alegacións á valoración provisional dos méritos, publicarase a valoración definitiva designando aos candidatos que por obter a mellor puntuación deberán pasar á segunda Fase (realización da entrevista). Nesta publicación establecerase a data, lugar e hora de realización da entrevista. O número de candidatos seleccionados para a entrevista será o especificado no Anexo B.1 para o posto.

2. A Segunda Fase consistirá na realización da entrevista persoal, cuxa puntuación máxima se especifica no Anexo B.1. A duración da entrevista será duns quince (15) minutos e terá unha valoración máxima que figura no Anexo B.1 para o posto e versará sobre:
 - 1) Perfil dos/as candidatos/as.
 - 2) Complementos do currículum vitae.
 - 3) Idoneidade dos/as candidatos/as para o posto.



- 4) Disponibilidade de incorporación.
- 5) Cuestións propias das funcións do posto a desempeñar.

A entrevista realizarase de forma individualizada e terá por finalidade obter un mellor coñecemento do/a aspirante, grazas á comunicación directa que proporciona e ademais permitirá ao candidato presentarse ante a organización, argumentar a súa experiencia e ter a oportunidade de resolver dúbidas respecto ao posto de traballo ao que está a aspirar.

- Finalizada esta segunda fase da entrevista, a Comisión publicará na páxina web da Fundación, www.cesga.gal, un acordo coa listaxe da puntuación final dos/as aspirantes que virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das fases (valoración de méritos e a entrevista), establecéndose o prazo de días naturais que figura no Anexo B.1, para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.
- Finalizada a fase de alegacións, a comisión publicará, na páxina web da Fundación, www.cesga.gal, o resultado da selección.

En caso de empate na puntuación final, dirimirase a favor da persoa que obteña maior puntuación na fase dos méritos enumerados no anexo B.2 pola orde establecida no mesmo.

Debido á infrarrepresentación do sexo feminino na Fundación CESGA nesta categoría profesional, no caso de empate entre dous ou máis candidatos/as, será admitida a muller de conformidade ao disposto no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, de persistir o empate, e en último lugar pola orde alfabética do primeiro apelido e de ser igual polo segundo, a partir da letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 28 de xaneiro de 2022 (DOG número 24, de 4 de febreiro de 2022) pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre os implicados.

8) Comisión de Selección

1. A comisión de selección estará formada, polos membros que figuran no Anexo B.1 para o posto.

O Presidente da Fundación, en caso de necesidade, poderá nomear suplentes. A Comisión poderá nomear asesores expertos, os cales limitaranse ao exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán coa comisión con base exclusivamente nas mesmas. Os membros da Comisión de Selección estarán en posesión de titulación igual ou superior á do posto obxecto da convocatoria.

En todo caso, a Fundación garantizará, na medida do posible, a paridade entre mulleres e homes na designación da comisión de acordo co establecido no artigo 48 do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

2. Os membros da comisión absteranse de intervir, notificándollo ao presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou que realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.



O presidente solicitará aos membros da comisión de selección declaración expresa de non atoparse incursos nas causas sinaladas de abstención.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3. Para a válida constitución da comisión, para os efectos de realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza in situ ou por videoconferencia ou audioconferencia, de polo menos a metade dos seus membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Para a toma de decisións da comisión, e demais cuestións da comisión, estarase ao disposto nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

4. Para efectos de comunicación e demais incidentes, a comisión terá como sede as oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur) - 15705 Santiago de Compostela.

9) Resultado da Selección

Finalizado todo o proceso anterior, a comisión de selección publicará a través da páxina web da Fundación (www.cesga.gal), o resultado da selección co nome da persoa seleccionada para o posto. Así mesmo, e co fin de determinar posibles substitucións para este proceso selectivo, a comisión elaborará unha lista de espera entre as persoas finalistas que realizaron a entrevista e que non resultasen beneficiarias do posto. A vixencia da lista de substitucións coincidirá coa duración do contrato obxecto do proceso selectivo. Farase constar o prazo de incorporación, así como a documentación complementaria que deberá achegar a persoa seleccionada para formalizar o contrato.

A contratación da persoa estará condicionada á autorización preceptiva da Xunta de Galicia.

O tipo de contrato será temporal de duración determinada a xornada completa, vinculado ao "Programa de Ciencias Mariñas de Galicia" financiado polo "Convenio entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC), a Fundación Pública Galega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (CESGA), o Instituto Tecnológico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR), a Fundación Centro Tecnológico do Mar (CETMAR), a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade de Vigo (UVIGO), a Universidade da Coruña (UDC) para a realización do Programa de Ciencias Mariñas dentro dos Plans Complementarios de I+D+I do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia".

Este contrato en ningún caso dará lugar ao recoñecemento da condición de laboral fixo e estarán suxeitos ao período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, actuando como órgano de contratación da Fundación o seu Director-Xerente, acto para o que está facultado en virtude da escritura de poder outorgada con data 3 de marzo de 2022 ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia D. José Manuel Amigo Vázquez e co número de protocolo 680.

Santiago de Compostela (á data da sinatura dixital)

O director xerente da Fundación CESGA,

Lois Orosa Nogueira



**Bases reguladoras da convocatoria de selección para
cubrir, polo sistema de concurso, un posto temporal de
técnico/a de proxecto vinculado ao Programa de
Ciencias Mariñas - Referencia: CCMM-23-TP1**

NRP: 6091123

ANEXO A: Modelos A.1 e A.2



A.1. MODELO DE SOLICITUDE

Referencia: CCMM-23-TP1	Data publicación anuncio:
DNI/NIE:	Nome
Primeiro apelido	Segundo apelido
País	Código postal
Provincia	Concello
Enderezo	
Correo electrónico	Móbil/Teléfono de contacto

DOCUMENTACIÓN:

- Anexo A.2 datos persoais de candidatos/as a emprego
- Copia DNI
- Currículum Vitae
- Copia da Titulación
- Copia Expediente académico
- Copia Certificado Perfeccionamento da Lingua Galega ou CELGA 4
- Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Galega de convocatorias anteriores da Fundación CESGA Ref. posto
- Xustificación do coñecemento de inglés
- Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Inglesa de convocatorias anteriores da Fundación CESGA Ref. posto
- Modelo Anexo B.3 de valoración de méritos e copia dos xustificantes dos méritos alegados
- Outra documentación

DECLARACIÓN XURADA:

A persoa abaixo asinante declara baixo xuramento posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas (marque este cadro se é o caso).

Solicita a participación no proceso de selección convocado pola Fundación CESGA e referenciado no punto 2 desta solicitude.

En Santiago de Compostela, de de

Asdo.:

DIRECTOR XERENTE
FUNDACIÓN CESGA
 Avda. de Vigo, s/n (Campus Vida)
 15705 Santiago de Compostela (A Coruña)





**Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de
Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA)
Bases de Persoal para Proxecto**

A.2. MODELO PARA RECABAR DATOS PERSOAIS DE CANDIDATOS/AS A EMPREGO

Referencia do posto: CCMM-23-TP1	
DNI/NIE	Nome
Primeiro apelido	Segundo apelido

En cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos, "Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 (GDPR), Ley Orgánica de Protección de Datos y Garantía de Derechos Digitales (LOPDGDD, de la Lei 3/2018 de 5 de decembro)" facilitámoslle a seguinte información que debe ler, antes de asinar a ficha de alta como candidato/a de emprego:

Responsable do tratamento dos datos de carácter persoal:	Fundación Pública Galega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (CESGA), con CIF: G15852981 e domicilio en Avenida de Vigo, s/n Campus Sur, CP: 15705, Santiago de Compostela. rgpd@cesga.es
Fins do tratamento:	Os datos persoais facilitados vanse utilizar para a xestión dos procesos de selección do CESGA.
Lexitimación:	Consentimento do/a interesado/a.
Destinatarios:	Non se van realizar cesións a terceiros. Non se van realizar transferencias internacionais de datos.
Dereitos:	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na información adicional.
Información adicional:	Pode consultar a información adicional na Política de Privacidade e Protección de Datos que figura na páxina web do CESGA: https://cesga.es/es/politicadeprivacidad

Consentimento para o tratamento de datos persoais (marcar o recadro)

O/A interesado/a declara ser maior de 16 anos, e presta o seu consentimento para o tratamento dos seus datos de carácter persoal, de acordo coa información facilitada e as condicións expostas na Política de Protección de Datos. Así mesmo, declara ser exactos e veraces os datos facilitados e obrígase a comunicar por escrito á Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (CESGA), Avenida de Vigo, s/n - Campus Vida, CP 15705 Santiago de Compostela, calquera variación ou modificación que se produza nos datos antes referidos.

Santiago de Compostela, de de

Asdo.:



**Bases reguladoras da convocatoria de selección para
cubrir, polo sistema de concurso, un posto temporal de
técnico/a de proxecto vinculado ao Programa de
Ciencias Mariñas - Referencia: CCMM-23-TP1**

NRP: 6091123

ANEXO B:

B.1. Descrición e requisitos do posto

B.2. Fases do concurso

B.2.1. Fase 1: baremación de méritos

B.2.2. Fase 2: entrevista

B.3. Modelo para a valoración de méritos





**Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de
Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA)
Bases de Persoal para Proxecto**

B.1. DESCRICIÓN E REQUISITOS DO POSTO

REFERENCIA	CCMM-23-TP1
Nº RELACIÓN DE POSTO	6091123
CATEGORÍA, DENOMINACIÓN	TÉCNICO DE PROXECTO CCMM
DURACION ESTIMADA DO CONTRATO	30 meses
PROXECTO	"Programa de Ciencias Mariñas de Galicia".
CONTRATO	Contrato de traballo temporal de duración determinada vinculado ao "Programa de Ciencias Mariñas" para cuxa execución asinouise en outubro de 2022 o <i>Convenio entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), a Fundación Pública Galega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (CESGA), o Instituto Tecnológico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR), a Fundación Centro Tecnológico do Mar (CETMAR), a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade de Vigo (UVIGO), a Universidade da Coruña (UDC), dentro dos Plans Complementarios de I+D+I do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia</i>
DESCRIPCIÓN	Desenvolver actividades de execución do <i>Programa de Ciencias Mariñas de Galicia</i> . Ofrécese contrato de traballo temporal para integración nun equipo de persoal científico e técnico, multidisciplinar, flexible e creativo no que os valores de igualdade, respecto e valoración das potencialidades e circunstancias persoais son fundamentais.
FUNCIONS DO POSTO	As necesarias para a execución do proxecto. Para iso levará a cabo as seguintes tarefas: <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da plataforma integrada de datos mariños: Data Lake - Despregue e operación da infraestrutura que permita o almacenamento e procesamento dos datos - Creación e operación dos servizos de arquivado e backup necesarios para



**Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de
Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA)
Bases de Persoal para Proxecto**

		<p>cumprir coas políticas establecidas dentro da gobernanza de datos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Creación dos usuarios, xestión dos accesos, e implementación das políticas de seguridade establecidas para o acceso aos datos. - Proveer de soporte á actividade de "Fontes de datos e Integración de datos". - Proveer de soporte á actividade de "Servizos e Laboratorio Virtual Mariño". - Execución doutras tarefas asociadas co correcto desenvolvemento do proxecto: asistencia a reunións, participación en conferencias e cursos, realización de presentacións, participación na avaliación, xeración de material promocional, participación na coordinación do proxecto, etc. - Proporcionar soporte técnico aos socios do proxecto.
TITULACIÓN REQUERIDA		<p>Titulación en ciclo superior de Formación Profesional de algunha das seguintes ramas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Técnico/a Superior en Administración sistemas informáticos en rede. <p>Ou titulacións equivalentes de plans anteriores.</p>
NIVEL DE INGLÉS		NON SE ESIXE
REQUISITOS PARTICULARES		NON SE ESIXEN
PAZOS	PRESENTACIÓN SOLICITUDES	10 (dez) días naturais
	PRESENTACIÓN DE RECLAMANCÍONS A LISTAXE PROVISORIAL DE ADMITIDOS	3 (tres) días naturais
	PRESENTACIÓN RECLAMACÍONS A	3 (tres) días naturais



	LISTAXE DEFINITIVA E PROBAS IDIOMAS	
	PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN A BAREMACIÓN DE MÉRITOS FASE 1	3 (tres) días naturais
	PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN A LISTAXE DE PUNTUACIONES FINAIS (FASE 1 E FASE 2)	3 (tres) días naturais
	APORTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN FINAL POLO/A CANDIDATO/A SELECCIONADO/A	3 (tres) días naturais
	Nº DE CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS TRAS SUPERAR A FASE 1 PARA REALIZACIÓN DA ENTREVISTA	5 candidatos con maior puntuación na fase 1.
	PUNTUACION MÁXIMA DOS MÉRITOS FASE 1	60 puntos
	PUNTUACION MÁXIMA FASE 2	6 Puntos máximo pola entrevista
	COMISIÓN DE SELECCIÓN	<p><u>Presidencia:</u> Administrador área de sistemas da Fundación CESGA</p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Presidente suplente:</u> Subdirector técnico da Fundación CESGA <p><u>Secretario:</u> Técnico superior de sistemas 1 da Fundación CESGA.</p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Secretario suplente:</u> Técnico Superior de Sistemas 2 da Fundación CESGA <p><u>Vogais:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Administradora de área e-learning da Fundación CESGA. - Técnica Superior de comunicacións da Fundación CESGA.





**Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de
Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA)
Bases de Persoal para Proxecto**

B.2 FASES DO CONCURSO DE MÉRITOS

FASE 1	BAREMACIÓN DE MÉRITOS	60 puntos
FASE 2	ENTREVISTA PERSOAL	6 puntos



B.2.1. FASE 1: BAREMACIÓN DE MÉRITOS

FASE 1	BAREMACIÓN DE MÉRITOS	Criterio	PUNTOS
	Experiencia práctica en tecnoloxías afíns ás actividades do posto	0,5 puntos por mes de experiencia práctica en actividades afíns as do posto	20
	Formación en tecnoloxías afíns as actividades do posto	0,1 puntos por cada 10 h de formación alineada cos obxectivos do proxecto 5 puntos por certificacións oficiais en Hadoop/Spark (por exemplo Cloudera CCA175, CCA131, CCA159, DE575, HDPCA, HDPCD, Databricks DEA, DEP, IBM CD Spark) 3 puntos por certificacións oficiais en programación (Python, Java, Scala, Go) ou desenvolvemento web 3 puntos por certificacións oficiais en Linux (RHCE, LPIC-2 ou LPIC-3)	15
	Participación en proxectos de investigación internacionais, rexionais ou estatais sobre temáticas afíns as do posto	0,5 puntos por mes de experiencia en proxectos internacionais afíns 0,2 puntos por mes de experiencia en proxectos rexionais ou estatais afíns	20
	Inglés	2,0 puntos por certificación B2 3,5 puntos por certificación C1 5,0 puntos por certificación C2 (Valorarase só o nivel máis alto)	5
	Puntuación Máxima FASE 1		60

A participación en proxectos valorarase en función da súa duración por proxecto e ano traballado, ponderándose proporcionalmente a súa duración por meses, no caso de ser inferiores a un ano. **Só se computará un proxecto por mes.** Xustificarase coa certificación da entidade onde participou, incluíndo as datas de inicio e fin da participación ou contrato de traballo onde figure expresamente o nome e código do proxecto e máis unha copia da vida laboral. De non presentarse estes documentos, no prazo estipulado para a presentación de solicitudes, ou no prazo establecido para reclamacións tras a publicación da listaxe provisional de persoas admitidas, non poderá avaliarse a participación en proxectos.

A experiencia práctica xustificarase cunha declaración responsable asinada polo/a candidato/a onde indique as tarefas nas que se acadou a experiencia e coa copia do contrato laboral e mais un certificado de vida laboral. De non presentarse os tres





***Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de
Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA)
Bases de Pessoal para Proxecto***

documentos, no prazo estipulado para a presentación de solicitudes, ou no prazo establecido para reclamacións tras a publicación da listaxe provisional de persoas admitidas, non poderá avaliarse a experiencia práctica.

No caso de que a documentación presentada permita a valoración dun mérito en máis de un criterio, so se valorará unha vez no criterio máis favorable para a persoa aspirante ao posto.



B.2.2. FASE 2 : ENTREVISTA PERSOAL

FASE 2	ENTREVISTA PERSOAL	Criterio	PUNTOS
		Perfil dos/as candidatos/as.	
		Complementos do currículum vitae.	
		Idoneidade dos/as candidatos/as para o posto.	
		Dispoñibilidade de incorporación.	
		Cuestións propias das funcións do posto a desempeñar.	
	Entrevista persoal		6 puntos

A Segunda Fase consistirá na realización da entrevista persoal que terá unha valoración máxima de 6 puntos e realizarase cunha duración aproximada de 15 minutos e versará sobre:

- Perfil dos/as candidatos/as.
- Complementos do currículum vitae.
- Idoneidade dos/as candidatos/as para o posto.
- Dispoñibilidade de incorporación.
- Cuestións propias das funcións do posto a desempeñar.





***Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de
Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA)
Bases de Persoal para Proxecto***

B.3. Modelo para a valoración de méritos:

Cada candidato **deberá cubrir o seguinte modelo cos méritos alegados e a puntuación, indicando con claridade a referencia á documentación xustificativa aportada.** Numeraranse as páxinas da documentación xustificativa e indicarse en cada apartado o/s número/s de páxina/s que corresponde/n a cada xustificación. **De non cubrirse axeitadamente esta información os méritos poderían non ser avaliados pola comisión.**



*Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de
Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA)
Bases de Persoal para Proxecto*

MÉRITOS	CRITERIO	MÉRITOS ALEGADOS E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA	PUNTUACIÓN ALEGADA
Experiencia práctica tecnolóxías afíns actividades do posto	0,5 puntos por mes de experiencia práctica en actividades afíns as do posto Puntuación máxima: 20 puntos		



MÉRITOS	CRITERIO	MÉRITOS ALEGADOS E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA	PUNTUACIÓN ALEGADA
<p>Formación en tecnoloxías afíns as actividades do posto</p>	<p>0,1 puntos por cada 10 h de formación alineada cos obxectivos do proxecto</p> <p>5 puntos por certificacións oficiais en Hadoop/Spark (por exemplo Cloudera CCA175, CCA131, CCA159, DE575, HDPCA, HDPCD, Databricks DEA, DEP, IBM CD Spark)</p> <p>3 puntos por certificacións oficiais en programación (Python, Java, Scala, Go) ou desenvolvemento web</p> <p>3 puntos por certificacións oficiais en Linux (RHCE, LPIC-2 ou LPIC-3)</p> <p>Puntuación máxima: 15 puntos</p>		



MÉRITOS	CRITERIO	MÉRITOS ALEGADOS E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA	PUNTUACIÓN ALEGADA
Participación en proxectos de investigación internacionais, rexionais ou estatais sobre temáticas afíns as do posto	<p>0,5 puntos por mes de experiencia en proxectos internacionais afíns 0,2 puntos por mes de experiencia en proxectos rexionais ou estatais afíns</p> <p>Puntuación máxima: 20 puntos</p>		



*Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de
Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA)
Bases de Persoal para Proxecto*

MÉRITOS	CRITERIO	MÉRITOS ALEGADOS E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA	PUNTUACIÓN ALEGADA
Inglés	2,0 puntos por certificación B2 3,5 puntos por certificación C1 5,0 puntos por certificación C2 Valorarase só o nivel máis alto Puntuación máxima: 5 puntos		

